



Asunto: **Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do Novo Hospital de Vigo**

Concello: **Vigo (Pontevedra)**

Trámite: **Informe previo á aprobación definitiva**

A Dirección Xeral da División de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde por medio de escrito do 21/01/09 remite documentación relativa o proxecto sectorial para o Novo Hospital de Vigo e solicita a emisión de informe previsto no artigo 13.3 do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.

De conformidade co disposto polo artigo 13 do Decreto 80/2000, a competencia para emitir o citado informe correspóndelle á Conselleira competente en materia de ordenación do territorio.

ANTECEDENTES E DESCRICIÓN DO PROXECTO:

1 - A documentación remitida está composta por:

- Proxecto sectorial para o complexo hospitalario de Vigo" (1 CD),
- Informe de Sustentabilidade Ambiental (1 CD), e
- Memoria ambiental do Novo Hospital de Vigo (1 CD),
- Copia do expediente administrativo.

2 - Segundo o sinalado no proxecto, o seu obxecto é a implantación dun hospital de referencia rexional de alta especialización dirixido á mellora da asistencia sanitaria na área sur da provincia de Pontevedra (área de Vigo). O ámbito da actuación está situado ao sur do Concello de Vigo, na parroquia de Beade, e abrangue unha superficie de 234.146 m².

3 - A actuación prevista é encadrable no suposto de dotacións que sirvan de soporte a servizos de carácter sanitario, de acordo co establecido no art. 22 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia e no art. 3.2 do Decreto 80/2000.

4 - O promotor da actuación é o Servizo Galego de Saúde (SERGAS) da Consellería de Sanidade.

5 - Con data 13/03/08 esta Dirección Xeral informou o proxecto de referencia aos efectos do previsto no artigo 13.1 do Decreto 80/2000. O proxecto foi declarado de incidencia supramunicipal por Acordo do Consello da Xunta do 30/04/08, e sometido a información pública por Resolución da Dirección Xeral da División de Recursos Económicos de Servizo Galego de Saúde, do 30/06/08(DOG 4/07/08).

6 - O proxecto foi sometido ó procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica, en base ó que, con data 30/01/09, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible elaborou a Memoria Ambiental, na que se sinalan unha serie de prescricións que deberán integrarse no proxecto sectorial, e que non se inclúen no documento remitido con data 21/01/09.

7 - O Concello de Vigo conta con Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) aprobado definitivamente con data 16/05/08. Conforme ó PXOM vixente os terreos afectados pola actuación están delimitados como sector S-66-D-HOSPITAL no sistema xeral de dotacións.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA TERRITORIAL,
OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES
Dirección Xeral de Urbanismo

Edificio Admtvo. San Caetano
15781 Santiago de Compostela

OT-08-10
PR.S. NOVO HOSPITAL
VIGO (PO)
Paxina 2 de 2

INFORME:

Analizada a documentación remitida e os seus antecedentes, ó abeiro do establecido no Decreto 80/2000, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, e de acordo coa proposta de informe da Subdirección Xeral de Ordenación do Territorio e do Litoral do 4/02/09, propónse emitir o seguinte informe:

1 - O Proxecto sectorial presentado axústase ás determinacións e documentación establecidos nos artigos 9 e 10 do Decreto 80/2000.

Non obstante, lémbrese que o documento definitivo que se eleve a aprobación do Consello da Xunta deberá incorporar as modificacións precisas para dar cumprimento ás prescricións sinaladas na Memoria Ambiental.

2 - De resultar aprobado polo Consello da Xunta e conforme ó establecido no artigo 13.6 do Decreto 80/2000, deberá remitirse á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes así como ó Concello de Vigo, un exemplar do proxecto sectorial con todos os planos e documentos, e debidamente dilixenciado polo funcionario habilitado facendo constar expresamente esta aprobación.


3 - De conformidade co artigo 4 da lei 10/1995 (modificada pola Disposición adicional 2ª da lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia), para a súa entrada en vigor deberán ser publicadas no Diario Oficial de Galicia tanto o acordo de aprobación definitiva do proxecto sectorial como as súas disposicións normativas.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2009.

A Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

P.D. (Orde de 6/03/03 – DOG 12/03/03)

O director xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo


Ramón Saúl Lueje Espiña

